

# Al Andalus: os musulmáns na Península Ibérica.

A conquista musulmá da Península Ibérica, a principios do século VIII, insírese na fulgurante expansión do Islam que comezara había menos dun século na Península Arábiga. Axiña comezou a utilizarse a denominación *Al Ándalus* para referirse ás terras ocupadas polos musulmáns na península. A súa presenza había deixar unha fonda pegada.

## A evolución política.

Entre os séculos VIII e XV, a historia de Al Ándalus pasou por múltiples vicisitudes militares e políticas ligadas tanto ás circunstancias peninsulares como ao devir histórico do Islam.


### A conquista musulmá.

No 711, un importante continxente musulmán mandado polo bérber Tariq desembarcou na badía de Alxeciras e, segundo dita a tradición, derrotou aos visigodos do rei Rodrigo na batalla do Guadalete. O reino visigodo, debilitado por unha grave crise interna, esboroouse. Sen atopar resistencia, as columnas musulmás tomaron en apenas cinco anos as principais cidades da Península. Moitos membros da nobreza hispanovisigoda, como o chamado Teodomiro en terras murcianas, pactaron cos invasores para manter terras e posición. Superadas as disputas entre os invasores polo reparto de terras e riqueza, a expansión proseguíu polas Galias ata seren derrotados polos francos en Poitiers (732). Dende aquela, o dominio musulmán ficaría confinado ao sur dos Pireneos.

### O emirato de Córdoba (711-929).

Dende o 716, o centro do poder musulmán en Al Ándalus estableceuse en **Córdoba**. Á súa fronte colocouse un **emir** subordinado á autoridade do califa omeia de Damasco. O territorio andalusí estendíase ata a vertente norte do Sistema Central, a marxe esquerda da conca do Ebro e o litoral catalán.

No 750, a dinastía Omeia foi derrocada pola revolución abasí. Un dos membros da familia deposta, Abd-el-Rahmán, conseguiu fuxir e chegar a Al Ándalus. Co apoio de sectores do exército e de vellas clientelas familiares converteuse en emir e rachou a ligazón política cos novos califas abasís asentados en Bagdad (756). O **emirato dependente** (711-756) devíña en **emirato independente** (756-929). Abd-el-Rahmán I fundaba unha dinastía que había manterse no poder



### A conquista islámica da Península Ibérica (711-719)



cordobés ata comezos do século XI. Un poderoso exército, un fisco eficiente e unha nova estrutura administrativa, que incluía a división territorial en provincias (*kuras*), posibilitou a consolidación do poder emiral. Non faltaron, sen embargo, os conflitos internos derivados das múltiples fracturas (sociais, relixiosas, étnicas, territoriais) que atravesaban a sociedade hispanomusulmá. Durante o século IX os emires tiveron que afrontar diversas rebelións e as pretensións dos poderosos gobernadores das amplas demarcacións fronteirizas setentrionais centradas nas cidades de Mérida, Toledo e Zaragoza.

### O califato (929-1031)

Co ascenso ao poder de **Abd-el-Rahmán III** (912-961), o emirato superou esta crítica situación. O territorio andalusí foi pacificado. O avance dos cristiáns do norte, que aproveitaran os problemas do estado cordobés para avanzar ata a liña do Douro, foi freado. As posicións no norte de África foron consolidadas sentando as bases para posteriores incorporacións. No 929, Adb-el-Rahmán III autoproclamouse **califa** rompendo definitivamente os vínculos, desta volta relixiosos, cos califas abasís de Bagdad.

O crecemento da produción e dos intercambios en Al Ándalus, unha eficiente administración e un exército cada vez máis profesional alicerzaron a incontestada hexemonía que o califato cordobés mantivo na Península durante un século. A arte e a cultura coñeceron un espectacular desenvolvemento. Os gobernantes cristiáns do norte amosaron submisión e houberon afrontar as frecuentes *aceifas* andalusís. Durante o reinado de Hixam II (976-1009), o seu poderoso *hachib*, Almanzor, impulsou unha agresiva política militar e devastou as terras cristiás chegando a destruír Barcelona (985) e Compostela (997).

### Os reinos de taifas (1031-1086).

A morte de Almanzor (1002) anticipou a fin da hexemonía califal. Dende o 1009, Al Ándalus veuse inmersa nunha situación caótica, a *fitna*, que había concluír coa liquidación do califato no 1031. Xefes militares, gobernadores provinciais e familias aristocráticas fixéronse co control de territorios máis ou menos amplos dando orixe a un mosaico de pequenos reinos, as **taifas**. Aínda que o territorio andalusí seguise incluíndo as terras máis ricas e poboadas

O califato de Córdoba no ano 1000




Té y kryptonita [CC-BY-SA-3.0], Wikimedia Commons

As primeiras taifas (1080)



Té y kryptonita [CC-BY-SA-3.0], Wikimedia Commons

O Imperio almorávide



Omar-Toons [CC BY-SA 3.0], Wikimedia Commons

da Península e os reis das taifas procurasen imitar o esplendor califal, a súa debilidade político-militar era máis que evidente. A presión dos monarcas cristiáns do norte medrou e víronse obrigados, para garantir as súas posesións, a pagarlles uns gravosos tributos anuais, as *parias*. Tras a conquista de Toledo polos casteláns (1085) non tiveron máis remedio que pedir axuda aos pobos norteafricanos.

### Os imperios norteafricanos (1086-1246).


Os **almorábides**, un movemento islámico rigorista que prendera con forza entre os bérberes, crearan a mediados do século XI un extenso imperio no Magreb con centro en Marrakex. Chamados por algúns monarcas andalusís para facer fronte ao avance cristián entraron na Península no 1086 e foron sometendo os diversos reinos de taifas ata reunificar Al Ándalus. Debilitado polas revoltas internas, o avance cristián e a presión dos almohades no norte de África, o imperio almorábide desintegrouse contra o 1144. Al Ándalus fragmentouse novamente en pequenos Estados, as chamadas **segundas taifas**.

Tras controlar o Magreb, os **almohades**, un novo movemento relixioso definido por unha interpretación estrita do Corán e claras intencións políticas, conquistaron os dominios almorábides no norte de África. No 1146 pasaron á península, incorporaron ao seu imperio boa parte do territorio andalusí e puxeron en máis dun apreto aos reinos cristiáns. Pero no 1212 foron derrotados severamente por unha coalición cristiá na batalla das Navas de Tolosa. Minado pola presión externa, os conflitos internos e a rebeldía dos notables andalusís, o imperio almohade afundiuse. Unhas efémeras **terceiras taifas** ocuparon o minguante espazo andalusí.

### O reino nazarí de Granada (1246-1492).

O baleiro de poder deixado pola desaparición do califato almohade foi aproveitado polos reinos cristiáns do norte para reiniciar a conquista. Os débiles reinos andalusís foron caendo un tras outro agás o de Granada, que sobreviviu ata a súa conquista polos Reis Católicos en 1492.

**Muhammad-ibn-Nasr** (1237-1273) foi o creador do reino e o fundador dunha nova dinastía (*nasrí* ou *nazarí*) que conseguiu manter durante dous séculos e medio a independencia do último Estado andalusí. Fixérono posible os problemas internos vividos por Castela nos séculos XIV e XV, unha próspera economía, unhas sólidas defensas e unha hábil diplomacia, engraxada polo pago de cuantiosas *parias* aos monarcas casteláns. A paz e a prosperidade do emirato nazarí devalaron no século XV. Os conflitos internos, disputas sucesorias incluídas, desestabilizárono. Rematada a guerra civil castelá e asentados no trono Isabel e Fernando (1479) pouco futuro se lle albiscaba.



Tras unha longa guerra (1484-1492), os Reis Católicos pactaron con emir Boabdil a capitulación de Granada. Desaparecía así o último enclave de dominio musulmán na Península.

## A realidade socioeconómica.

---

Al Ándalus foi escenario dunha puxante civilización urbana caracterizada por unha intensa actividade mercantil e por unha rendible e diversificada agricultura.

### Unha economía diversificada.

A tríade mediterránea (cereais, vide, oliveira) seguiu a ter un papel moi importante na **agricultura** andalusí. Sen embargo, semella que a produción de trigo retrocedeu en prol da oliveira e da gandería ovina. Ademais produciuse unha constante ampliación dos espazos de **regadío** aproveitando acuíferos e ríos mediante pozos, norias e levadas. Isto produciu un importante aumento da produtividade agraria e posibilitou a aclimatación á península de **novos cultivos** doutras procedencias (arroz, cana de azúcre, algodón, laranxeiras, alcachofa, berenxena, algarrobo, etc.). Nalgunhas áreas (Valencia, Granada), a moreira e a cría do verme da seda adquiriu un singular valor. A importancia das palabras de raíz árabe no léxico agrícola das linguas romances peninsulares dá conta da transcendencia destas mudanzas. Nas zonas de secaño, a gran propiedade era o marco básico de explotación agrícola. Pola contra, nos regadíos abundou a pequena e mediana explotación.

O aumento da produción e a produtividade dos campos xerou os excedentes suficientes para alimentar unha poboación non ligada ás tarefas agropecuarias e posibilitou o **crecemento das cidades**. Nalgúns casos foi o resultado da **ampliación de vellas cidades romanas**: Sevilla, Toledo, Zaragoza, Córdoba. Nos séculos IX-X, a capital andalusí chegou a acadar os 100.000 habitantes, unha cifra descoñecida na Europa do momento. Apareceron tamén **novas cidades** promovidas polos soberanos cordobeses ben por razóns militares e estratéxicas (Almería, Calatayud, Tudela) ben como centros de fértiles comarcas agrícolas (Lleida, Badajoz). Moitas delas entraron en decadencia tras a desintegración do califal pero outras deron mantido unha sobranceira posición (Sevilla, Granada, Valencia).

Malia o desenvolvemento da vida urbana, as cidades hispanomusulmás carecían dunha auténtica administración municipal. Os espazos públicos, a parte da mesquita e o zoco, eran moi escasos e as casas amoreábanse nun labirinto de rúas reviradas e estreitas. Organizábanse arredor da **medina**, núcleo amurallado onde se situaban os edificios senlleiros (a mesquita, o zoco e a alcazaba, fortaleza onde residían as autoridades civís e militares). Alén das murallas expandíanse ás veces novos barrios ou arrabaldes.

As cidades eran o centro das **actividades artesanais e comerciais**. As manufacturas téxtiles (seda, algodón, liño) foron ás máis estendidas. Adquiriron tamén merecida sona a ourivería andalusí, as producións de artigos de coiro, vidro e cerámica, as armas e a construción naval. O desenvolvemento dos intercambios comerciais veuse favorecido por un sólido sistema monetario, baseado no *dinar* de ouro e o *dirham* de prata, a fortaleza da vida urbana e a existencia dun eficaz sistema de comunicacións terrestres, herdado da época romana, e marítimas (portos). O **comercio interior** xiraba arredor dos zocos (mercados) urbanos. A eles chegaban tamén os terminais do **comercio exterior**. Al Ándalus xogou un papel decisivo, sobre todo na etapa de esplendor cordobés (ss. IX-X) como intermediario privilexiado entre o mundo islámico e a Europa cristiá. Exportaba

---

produtos agrarios, manufacturas e minerais. Importaba da Europa cristiá peles, metais e escravos; do Próximo Oriente especias e produtos de luxo; do continente africano ouro e escravos.

### Unha sociedade heteroxénea.

A poboación andalusí definiuse pola súa diversidade. Dende o punto de vista étnico cómpre distinguir entre **árabes** e **bérberes**, que conformaran o reducido continxente conquistador (50.000-100.000 individuos no século VIII), fronte á reducida **minoría xudía** e á **maioría hispanogoda**. O factor relixioso diferenciaba entre: **xudeus**; **musulmáns**, dentro dos cales foron gañando peso respecto de árabes e bérberes os **muladí**s, hispanogodos convertidos ao Islam tras a conquista; e **mozárabes**, denominación dos hispanogodos que decidiron manter a súa fe ao amparo da tolerancia islámica. As conflitivas relacións coas autoridades musulmáns en certos momentos e as presións en prol da conversión estimularon a emigración cara o norte cristián e deberon reducir a súa importancia relativa.

Dende o punto de vista social conformouse unha **minoría aristocrática** (*jassa*), integrada sobre todo por familias de orixe árabe, caracterizadas por fortes vínculos tribais, a posesión de grandes dominios territoriais e o monopolio dos cargos cortesáns. Comerciantes, funcionarios, profesionais e artistas nutriron as filas dunhas **capas intermedias** que medrarían ao ritmo das cidades, os intercambios comerciais e o desenvolvemento da administración durante a época califal. Dentro dos **grupos populares** (*amma*) destacaban campesiños e artesáns. O chanzo máis baixo estaba formado polos **escravos**, traídos de Europa oriental e do interior de África ou capturados como prisioneiros de guerra. Non obstante, algúns deles habían acadar unha posición relevante ao servizo dos soberanos cordobeses.

### BIBLIOGRAFÍA:

- ALFEIRÁN, X. et al.: *Historia de España 2º Bach*, Vigo, Baía Edicións-Consorcio Editorial Galego, 2016.
  - ALVÁREZ REY, L. et. al.: *Historia de España. 2ª Bacharelato. Aula 3D*, Barcelona, Vicens-Vives, 2016.
  - FERNÁNDEZ ROS, J.M et. al.: *Historia de España 2º Bachillerato*, Madrid, Santillana Educación, 2016.
  - GARCÍA DE CORTÁZAR, J.A.: *La España medieval*, en ARTOLA, M. (dir), *Historia de España*, vol. 2, Madrid, Alianza Editorial, 2004.
  - GIL ANDRÉS, C.: *50 cosas que hay que saber sobre Historia de España*, Barcelona, Editorial Ariel, 2016.
  - GREUS, J.: *Así vivieron en al-Ándalus. La historia ignorada*, Madrid, Anaya.Biblioteca Básica de Historia, 2009.
  - VALDEÓN, J.: *El califato de Córdoba, Cuadernos de Historia 16*, nº 3, Madrid, Historia 16, 1995.
  - VALLVÉ, J. et al.: *La invasión árabe de España, Cuadernos de Historia 16*, nº 17, Madrid, Historia 16, 1995.
-